

Concurso de Escritura: CONXUROS MÁXICOS



En moitos dos contos máis coñecidos os malvados consultan os seus vellos libros de feitizos e apócemas máxicas e mesturan os seus noxentos ingredientes gotiña a gotiña remexendo nun caldeiro do que saen fumes de cores pouco apetitosos mentres murmuran conxuros máxicos.

Estes conxuros tamén serven para afastar ou purificar un mal, como ocorre na QUEIMADA GALEGA.

BASES:

- ✖ Inventa o teu propio CONXURO (pode ser entre varios!).
- ✖ Fai un texto en GALEGO, a lonxitude deberá ser a lo menos dunha estrofa.
- ✖ Data final de entrega: **Luns 23 de Outubro.**
- ✖ Haberá agasallos para os máis chulos!!!

Aquí tedes un exemplo para que vos fagades unha idea:

CONXURO DA QUEIMADA GALEGA

“Mouchos, coruxas, sapos e bruxas. Demos, trasgos e diaños, espíritos das nevoadas veigas. Corvos, pintigas e meigas, feitizos das menciñeiras. Podres cañotas furadas, fogar dos vermes e alimañas. Lume das santas Compañas. Mal de ollo, negros meigallos, cheiro dos mortos, tronos e raios. Ouveo do can, pregón da morte; fuciño do sátiro e pé do coello. Pecadora lingua da mala muller casada cun home vello. Averno de Satán e Belcebú, lume dos cadavres ardentes, corpos mutilados dos indecentes, peidos dos infernales cus, muxido da mar embravescida.

Barriga inútil da muller solteira, falar dos gatos que andan á xaneira guedella porca da cabra mal parida. Con este fol, levantarei as chamas deste lume que asemella ó do inferno e fuxirán as meigas a cabalo das súas escobas, indose bañar na praia das areas gordas.

¡Oíde, oíde! os ruxidos que dan as que non poden deixar de queimarse no augoardente quedando así purificadas. E cando esta brebaxe baixe polas nosas gorxas, quedaremos libres dos males da nosa alma e de todo embruxamento. Forzas do Ar, Terra, Mar e Lume, a vós fago esta chamada: Si é verdade que tedes máis poder que a humana xente, eiqú e agora, facede que os espíritos dos amigos que estean fóra, participen con nós desta queimada.”

SANTANA NA BIBLIA



Equipo da Biblio

